



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

galicia

Convocatoria da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se aproban as bases e se convoca o premio a curtas de animación en galego elaboradas no marco do programa *Nós tamén creamos!* para o curso académico 2015/2016

O Estatuto de autonomía de Galicia recolle a obriga dos poderes públicos de garantir o uso normal do galego e de potenciar o seu emprego en todos os planos da vida pública, cultural e formativa, así como de dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Por este motivo, o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia sinala a necesidade de aumentar o emprego do galego nas actividades complementarias e a Administración educativa procura fomentar o seu uso en distintos espazos e situacións de comunicación dos centros educativos, sobre todo a través da acción dos equipos de dinamización da lingua galega.

Por outra banda, a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, contempla o logro da competencia nas dúas linguas oficiais das comunidades autónomas con idioma propio como unha das finalidades da educación, xunto coa adquisición de coñecementos técnicos e artísticos que aseguren o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado. Ao mesmo tempo, a comunidade educativa é consciente de que as aprendizaxes lingüísticas se fan tamén fóra das aulas de lingua e da importancia que ten, para a adquisición do galego, tanto a lectura neste idioma coma a motivación para usalo. Neste sentido, cómpre favorecer unha asociación positiva do alumnado coa lingua galega mediante a súa ligazón con actividades relacionadas coa cultura actual (audiovisual, TIC...), así como a vinculación afectiva que dá o uso do idioma no tempo de lecer.

En consecuencia, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa,

RESOLVEN:

Artigo 1. Obxecto da convocatoria

O obxecto desta disposición é convocar tres premios a curtas de animación en galego elaboradas seguindo as pautas do programa de dinamización lingüística *Nós tamén creamos!* e regular o procedemento para a súa

concesión.

Nós tamén creamos! é un programa da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración coa Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) e con OQOeditora. Os seus obxectivos son promover unha imaxe positiva e actual da lingua galega, favorecer o seu uso e aprendizaxe en novos ámbitos e formatos e dar a coñecer as opcións de ocio en galego que lles ofrece aos cativos a sección infantil do web da TVG.

Artigo 2. Características dos premios e dotación

Establécense tres categorías para as que se convoca cadanseu premio:

- Categoría 1: destinada a curtas realizadas con alumnado do segundo ciclo de educación infantil.
- Categoría 2: destinado a curtas realizadas con alumnado de primeiro e segundo de educación primaria.
- Categoría 3: destinado a curtas realizadas con alumnado de terceiro e cuarto de educación primaria.

Cada centro premiado nunha destas categorías recibirá un lote de libros de OQOeditora e mais un agasallo da TVG, así como un diploma acreditativo expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

O profesorado participante nas curtas premiadas recibirá da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha certificación de Premio de Innovación Educativa, cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado.

As curtametraxes gañadoras serán emitidas e difundidas, sempre que tecnicamente sexa posible, en distintos programas da CRTVG.

Artigo 3. Destinatarios

Poderán participar nesta convocatoria os centros inscritos no programa *Nós tamén creamos!*, dentro do Plan Proxecta 2015-2016, convocado pola Resolución do 17 de xuño de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o Plan Proxecta e se establecen as bases para a participación dos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes desta consellería durante o curso escolar 2015/16 (DOG 122, do 1 de xullo de 2015; corrección de erros no DOG 132, do 15 de xullo de 2015).

Tamén poderán participar outros centros educativos de titularidade pública que impartan ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil e de primaria e que soliciten a súa inscrición.

Só se poderá presentar unha solicitude por centro. Así e todo, os centros poderán presentar ata un máximo de dous equipos de 2 a 4 docentes cada un. Un dos docentes de cada proxecto deberá pertencer ao equipo de dinamización da lingua galega e o resto impartiralle docencia ao alumnado co que se realice a curta de animación do equipo.

O alumnado participante deberá pertencer ao mesmo ciclo educativo ou, de pertencer a máis de un, competirá na categoría do estudiantado de máis idade do grupo.

Artigo 4. Solicitude de participación

O profesorado inscrito no programa *Nós tamén creamos!* do Plan Proxecta 2015/2016 quedará inscrito de oficio no concurso, polo que non necesitará presentar unha solicitude de participación.

O resto do profesorado deberá solicitar a súa participación mediante instancia (ver anexo) presentada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, Edificio Administrativo de San Caetano, s/n, 15781- Santiago de Compostela, ou nos lugares e na forma previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Se a solicitude é remitida por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o persoal de correos poida selala e facer constar a data antes de certificala.

O prazo para solicitar a participación será de un mes a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no web da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Unha vez rematado o prazo de inscrición, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa publicarán a relación de centros admitidos e excluídos no web da Secretaría Xeral de Política Lingüística www.lingua.gal e comunicarlles a aceptación da súa participación aos centros por correo electrónico.

Artigo 5. Material e asesoramento

Farase chegar aos centros que, por non estar inscritos no Plan Proxecta, aínda non recibisen o material, un lote de libros cuxos dereitos de autor foron cedidos á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e á CRTVG para este proxecto. Os equipos participantes deberán escoller un destes libros para basearen nel a curta que realicen co alumnado.

Durante o proceso de creación, os centros contarán con asesoramento técnico no enderezo electrónico nostamencreamos@gmail.com

Artigo 6. Características das curtametraxes

As curtametraxes de animación presentadas a concurso serán unha adaptación cinematográfica en animación e na técnica *stop-motion* dalgunha das obras literarias facilitadas aos centros participantes e cuxos dereitos de autor de carácter patrimonial foron cedidos á Consellería de Cultura e Educación e á CRTVG para a reelaboración obxecto deste concurso. As músicas e os efectos sonoros que se empreguen deberán ser orixinais, estar libres de dereitos ou ter licenza de uso para o fin educativo que se persegue.

Deberán realizarse coa participación activa do alumnado en todas as fases de elaboración. Este proceso documentarase cun *making off* final ou un ficheiro anexo con fotografías ou calquera outra documentación que evidencie a intervención do alumnado ao longo do proceso.

As gravacións terán calidade DVD e unha duración máxima de 5 minutos (incluíndo os títulos de crédito). O *making off* non computará no tempo establecido.

As curtametraxes tamén incluírán, a modo de información, un espazo de créditos no que se recollerá o nome das persoas que participaron na creación da obra (alumnado e profesorado). Incluírase tamén unha lenda que indique que a curtametraxe de animación en galego foi elaborada ao abeiro do programa de dinamización lingüística *Nós tamén creamos!* con fins educativos. Todos os dereitos de autor de carácter patrimonial derivados da reelaboración da curtametraxe corresponderanlles á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e á CRTVG.

Artigo 7. Envío das curtametraxes

Cada curta deberá presentarse gravada nun DVD ou nun pen nun sobre rotulado co título do libro e mais coa categoría pola que participe (véx. o artigo 2). Noutro sobre, rotulado tamén co título e coa categoría, deberán incluírse os seguintes datos:

Nome da curta
Categoría pola que se presenta
Centro educativo que a presenta:

Código do centro
Nome do centro
Enderezo
Teléfono
Enderezo electrónico

Nivel educativo do alumnado participante
Profesorado participante na curtametraxe:

Nome e apelidos
DNI con letra

Relación co alumnado (titor/a, profesor/a de Educación Física,
membro do EDLG...)

Estes dous sobres incluíranse nun maior que será dirixido ao seguinte enderezo:

Secretaría Xeral de Política Lingüística
Rúa San Roque 2, 1º andar
15781 Santiago de Compostela

No remite do sobre indicárase o título da curtametraxe e a categoría pola que participa.

A medida que se vaian entregando, as curtas poderán verse na sección *Nós tamén creamos!* do web infantil da CRTVG: www.crtvg.es/infantil.

Artigo 8. Prazo de entrega das curtametraxes

O prazo para enviar as curtas elaboradas no marco do programa *Nós tamén creamos!* remata o 30 de abril de 2016.

Artigo 9. Comisión e criterios de selección

1. Comisión de selección

Para a selección das curtametraxes creárase unha comisión que estará presidida pola persoa titular da Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística, ou persoa en quen delegue, e integrada polos seguintes membros:

- O titular da Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado, ou persoa en quen delegue.

- Un asesor ou asesora técnica da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Un representante da CRTVG.
- Un representante de OQOeditora.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para colaborar na valoración daqueles proxectos que coide pertinentes, que poderá estar integrada por asesores e asesoras de Innovación Educativa e de Política Lingüística, persoal da CRTVG e persoal de OQOeditora.

2. Criterios de valoración

Valoraranse os proxectos atendendo aos seguintes criterios:

- Corrección e expresividade lingüísticas (40%)
- Orixinalidade e calidade da proposta estética (40%)
- Calidade técnica (20%)

Artigo 10. Resolución

Unha vez estudadas as solicitudes presentadas, a Comisión de Selección emitirá a proposta de resolución dirixida aos titulares da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

A resolución conxunta da Secretaría Xeral e da Dirección Xeral publicarase na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística www.lingua.gal/ no prazo máximo de 4 meses, contados dende a data de entrega fixada no artigo 8.

De non facerse así, os solicitantes deberán entender desestimada a súa solicitude.

Artigo 11. Difusión das experiencias e dos materiais elaborados

Os traballos premiados serán publicados na pestana *Nós tamén creamos!* da sección infantil do web da CRTVG e poderán ser difundidos en diversos programas da cadea. Tamén poderán difundilos a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa nas súas webs ou plataformas dixitais de comunicación incorporando unha ligazón á sección infantil do web da

CRTVG.

A presentación a esta convocatoria implicará para os centros premiados a colaboración nesta ou noutras accións de difusión que se organicen, así como a cesión dos dereitos de propiedade intelectual de contido patrimonial a favor dos organismos convocantes.

De ser o caso, en todas as accións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas con esta convocatoria ou coas curtametraxes de animación reelaboradas, farase constar a colaboración das partes nun lugar destacado e utilizaranse, cando proceda, os logos de cada unha das entidades participantes de acordo coa normativa de identidade corporativa.

Santiago de Compostela, 1de febreiro de 2016

O director xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa



Manuel Corredoira López

O secretario xeral de
Política Lingüística



Valentín García Gómez



PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
CONVOCATORIA DE PREMIOS A CURTAS DE ANIMACIÓN EN GALEGO NO MARCO DO PROGRAMA NÓS TAMÉN CREAMOS NO CURSO ACADÉMICO 2015-2016	SOLICITUDE

DATOS DO CENTRO							
DENOMINACIÓN				CÓDIGO		NIF	
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQUE	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO					
NIVEL EDUCATIVO ALUMNADO						N.º ALUMNADO	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS DO PROFESORADO			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
NRP	ENDEREZO ELÉCTRÓNICO	RELACIÓN CO ALUMNADO (TITOR, MEMBRO EDLG....)	
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
NRP	ENDEREZO ELÉCTRÓNICO	RELACIÓN CO ALUMNADO (TITOR, MEMBRO EDLG....)	
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
NRP	ENDEREZO ELÉCTRÓNICO	RELACIÓN CO ALUMNADO (TITOR, MEMBRO EDLG....)	
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
NRP	ENDEREZO ELÉCTRÓNICO	RELACIÓN CO ALUMNADO (TITOR, MEMBRO EDLG....)	

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE
Convocatoria da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se aproban as bases e se convoca o premio a curtas de animación en galego elaboradas no marco do programa *Nós tamén creamos!* En centros de infantil e primaria de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no curso académico 2014/2015.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE			
Lugar e data	,	de	de

SR. SECRETARIO XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA